

CIRCULAR 271

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO 2018

1M POLO
TRABALLO

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web.



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coa Sección de Psicoloxía de Xurídica.



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 272 e sairá a principios do mes de xullo de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de xuño de 2018.

4	Información Xeral
16	Información das Seccións
20	GIPCE
21	Grupo de Tráfico e Seguridade
23	O Código Deontolóxico
24	Comisión de Cultura

Editorial

Pola visión psicosocial do traballo

O traballo é un eixe central da experiencia humana. Non só porque representa o principal medio para acceder aos recursos económicos necesarios para vivir senón tamén porque é unha ferramenta básica de inclusión actuando como institución socializadora, como fonte de intercambios sociais ou como característica da identidade individual. De feito, o traballo é un trazo definitorio do modo en que as persoas xulgan o seu valor para a sociedade, para as súas propias familias e para si mesmas.

Porén, o traballo tamén pode carrexar riscos para as persoas traballadoras cando as condicións nas que se leva a cabo son precarias e producir malestar e insatisfacción cando non se consegue acceder a un emprego. O traballo é, polo tanto, unha fonte de saúde e de enfermidade, de benestar e malestar, a nivel físico, psicolóxico e social.

Neste sentido, ao longo da última década producíronse vertixinosos cambios económicos, políticos e sociais que impuxeron unha fonda transformación na actividade laboral, nas formas organizativas que a estruturan e no propio mercado de traballo. Esta metamorfose laboral materializouse nunha redución progresiva dos elementos que configuran o estado de benestar e, particularmente, concretouse nunha dobre ameaza para a saúde pública ilustrada na cantidade e calidade do emprego asalariado

dispoñible. Así, mentres que moitas persoas en idade de traballar ou ben quedaron fóra do mercado de traballo ou teñen unha limitada inserción laboral, aquelas que traballan experimentan maior inestabilidade e intensificación, así como unha crecente precarización da vida laboral froito da reorganización flexible do traballo. Como resultado prodúcese un paradoxo: mentres que, por unha banda, as dificultades de inserción laboral xeran impotencia, frustración e sentimentos de fracaso persoal e profesional, pola outra banda, a experiencia laboral de moitas das persoas que teñen un posto de traballo resulta estresante e insatisfactoria, afectando en ambos casos ao seu benestar psicolóxico e a súa capacidade laboral.

Por todo iso, é necesario incorporar unha visión psicosocial para ter una comprensión global e integral do mundo do traballo. A participación dos psicólogos e psicólogas resulta, neste contexto, absolutamente imprescindible toda vez que os e as profesionais da Psicoloxía posúen un conxunto de coñecementos teóricos e ferramentas aplicadas sobre as distintas dinámicas individuais, grupais e organizativas relativas ao traballo que permiten identificar solucións para mellorar a empregabilidade, e o benestar e o desempeño das propias organizacións e do seu persoal.

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Asistiu ás reunións do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, os días 27 de febreiro e 9 de abril, e á reunión extraordinaria do Pleno de dito Consello o 7 de marzo.

■ Xunto coa vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, mantiveron unha xuntanza co director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor Pérez, co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Antonio Grandás Arias, e co xefe de

INFORMACIÓN
XERAL



Mª Rosa Álvarez Prada

servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2018 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil, que se celebrou 12 de marzo.

■ Asistiu á xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, o 20 de marzo.

■ Mantivo unha reunión este 9 de abril coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Mª Amparo González Méndez, e co director xeral de Xustiza, Juan José Martín, para tratar sobre os convenios para a mediación familiar intraxudicial deste ano.

A tesoureira da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde, Mª Begoña Castro Iglesias, acudiu á primeira reunión do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no (GT3) do Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, para a «Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo», que se celebrou o 27 de febreiro en Santiago de Compostela.



Rocío García Calvo

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu o 13 de marzo á xuntanza de dito Consello.

O coordinador do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar «Abramos o Círculo», Rubén Villar Trencó, asistiu á reunión da Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Arteixo, que se celebrou o 23 de marzo.



Rubén Villar Trencó

O representante do COPG no Grupo de Traballo en Saúde Mental Infanto-Xuvenil para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, Mariano Carrero Moure, acudiu os días 1 de marzo e 11 de abril á segunda e terceira xuntanza respectivamente de dito Grupo de Traballo.

En representación do colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:

- Ao acto de presentación da «Guía de Práctica Clínica sobre a depresión maior na infancia e a adolescencia», organizado pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), que tivo lugar o 21 de febreiro.
 - Aos actos académicos de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela celebrados o 22 de febreiro.
 - Á entrega do «II Premio Xohana Torres de ensaios e creacións audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela» do Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o 7 de marzo.
 - Ao encontro «LIDER ►A, Avanzando en igualdade», organizado con motivo do Día Internacional da Muller pola Secretaría Xeral da Igualdade, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que se celebrou o 7 de marzo en Santiago de Compostela.
 - Á presentación pública dos resultados da IV Edición do Programa Formativo en Galicia para tratar ao alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) organizado pola Fundación María José Jove e a Fundación INGADA, que tivo lugar o 9 de marzo na Coruña.
-

A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, asistiu á presentación do libro do psicólogo Javier Urra «*La triple E. Escala de estabilidad emocional*», que tivo lugar o 12 de marzo en Vigo.

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, José Eduardo Rodríguez Otero, realizou unha entrevista para a realización dun proxecto para a Universidade de Santiago de Compostela (USC) apoiado polo Programa Explorer, relacionado con fobias e ansiedades.



Manuela del Palacio García



José Eduardo Rodríguez Otero

Os coordinadores do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar «Abramos o Círculo», Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó respectivamente, impartiron unha charla o 16 de marzo Academia Galega de Seguridade Pública (A Estrada), en relación a estes Programas dentro do curso «Recursos das administracións en materia de violencia de xénero» dirixido á policía local, á policía nacional e á garda civil que traballan en Galicia.



Olegaria Mosqueda Bueno

A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno representando ao COPG, mantivo unha reunión o 2 de abril na sede do COPG cun dos equipos de investigación de Amnistía Internacional para participar na investigación que realizan sobre o acoso escolar en España.



Antonio Fuertes Saavedra

O membro do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG e vogal da Sección de PTO do COPG, Antonio Esteban Fuertes Saavedra, participou como relator na Xornada Técnica «Idade e diversidade. Impacto na xestión de PRL», organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que se celebrou o 27 de abril na Coruña. Esta actividade enmárcase no convenio de colaboración do COPG co ISSGA.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología celebrada o día 24 de febreiro en Madrid.

■ Acudiu á reunión dos «grupos internos de traballo» do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología o 24 de marzo en Madrid.

■ Como coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología e xunto co presidente do Consejo,

Francisco Santolaya Ochando, mantiveron unha xuntanza co secretario de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, Mario Garcés Sanagustín, para establecer as bases para a sinatura dun convenio marco de colaboración que incorpore a organización colexial no desenvolvemento das propostas de acción recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Nesta xuntanza, que se celebrou o 2 de abril en Madrid, trasladóuselle o papel clave da psicoloxía na loita contra a violencia de xénero e a dispoñibilidade do Consejo para vehicular estratexias de colaboración nas que implicar aos máis de 70.000 psicólogos e psicólogas colexiadas do conxunto do Estado.



De dereita a esquerda: M^a Rosa Álvarez, Mario Garcés e Francisco Santolaya

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 3 de marzo en Madrid.

A representante suplente do COPG no Grupo de Traballo Exercicio Privado da Psicoloxía do Consejo General de la Psicología, Olegaria Mosqueda Bueno, acudiu o 10 de marzo á reunión de dito Grupo de Traballo celebrada en Madrid.



Eva Muíño Gómez

II Congreso internacional e VI Nacional de Psicología do Traballo e Recursos Humanos



Momento do II Congreso Internacional e VI Nacional de Psicología do Traballo e Recursos Humanos



Xunta Directiva da División PTORH

Do 1 ao 3 de marzo celebrouse en Valencia o «II Congreso internacional e VI Nacional de Psicología do Traballo e Recursos Humanos», organizado polo Col·legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana e promovido polo Consejo General de la Psicología. O lema deste encontro de profesionais de PTO, empresarios e académicos foi «Psicología e competencia profesional. Porque as empresas son persoas». Foi un foro que refrendou o valor estratéxico que aporta a psicología á competitividade das empresas e ao benestar das persoas nas organizacións. Contou con representación do Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a presenza da Sección PTO en diversos actos, grupos de traballo e reunións vinculados coas actividades do Consejo General.

José Luis Domínguez Rey, asistiu ás reunións da Xunta Directiva da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH) que tiveron lugar o 1 e o 3 de marzo para tratar temas como as acreditacións profesionais, a formación FOCAD e a estrutura de funcionamento para o apoio do desenvolvemento da Norma ISO/TC 260 sobre as boas prácticas e xestión dos recursos humanos nas organizacións. Temáticas que

tamén se abordaron no V Encontro Anual Interterritorial de Representantes PTO celebrado ao abeiro do Congreso. Así mesmo, o vogal da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG, Antonio Esteban Fuertes Saavedra, participou nos grupos de traballo do seminario «A supervisión de competencias profesionais no marco do Certificado Europeo de Psicología (EUROPSY)», onde se trataron os aspectos operativos do proceso de supervisión e o modelo de competencias profesionais.

O Colexio de Psicoloxía reivindica axustar as medidas en discapacidade á realidade demográfica galega nunha comparecencia no Parlamento de Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) asistiu o 5 de marzo a unha comparecencia na Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade no Parlamento de Galicia, á que foi convidado. Na intervención reivindicouse un axuste entre as políticas públicas no eido da discapacidade e a realidade demográfica do país.

Na actualidade, máis da metade das persoas que teñen recoñecida algunha discapacidade en Galicia superan os 65 anos. É preciso realizar un amplo estudo transversal da discapacidade na nosa Comunidade, prestando especial atención á muller e ao rural, para coñecer cales son as necesidades nesta poboación e poder deseñar e implementar políticas públicas máis axustadas. Os servizos sociais comunitarios sufriron a política de recortes como consecuencia da austeridade orzamentaria que se impuxo nestes anos de crise. Necesitamos uns servizos sociais fortes, como primeiro nivel de atención á poboación, con equipos multidisciplinares estables nos que a psicoloxía é imprescindible. Acudiu á comparecencia o colexiado José Luis Santos-Ascarza Bacariza, doutor en Psicoloxía e membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.



José Luis Santos-Ascarza
Bacariza

Alegacións realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou alegacións ao borrador do «Protocolo de detección e intervención ante en casos de violencia de xénero nos centros de ensino» do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Muller



Declaración institucional do COPG no 8M

O 8 de marzo, con motivo do Día Internacional da Muller, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundimos unha declaración institucional na que reivindicamos que se siga avanzando no camiño da igualdade e celebramos que en 2018, o feminismo se atope nun momento histórico de forza e vigor no seu discurso, cunha incidencia social e política maior para mellorar a vida de mulleres e homes, de nenas e nenos.

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas



Momento da Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados

O 20 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a Conta de Resultados e o Balance de Situación a 31 de decembro de 2017, así como a Memoria de Actividades do Colexio en 2017. Tamén se nomeou a Mª del Pilar Millán Cerqueiro G-1209 como vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

O Colexio de Psicoloxía demanda a incorporación de psicólogos e psicólogas clínicas en Atención Primaria nunha xuntanza con Sanidade

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, José Eduardo Rodrí-

guez Otero, reuníronse o 3 de abril co director de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, a quen lle trasladaron as principais necesidades da psicoloxía clínica na rede pública. Para o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a introdución da psicoloxía en atención primaria é unha das máis antigas reivindicacións e unha das necesidades máis urxentes para a asistencia en saúde mental na nosa Comunidade.

Desde o COPG enténdese que é tempo de que a psicoloxía en concreto e a saúde mental en xeral deixen de ser as irmás pobres do sistema público de saúde e que se garantan os dereitos recollidos nas distintas lexislacións, tanto autonómicas como estatais, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

Támén se lles trasladou a urxencia en incrementar as contratacións de facultativos/as especialistas en psicoloxía clínica, xa que actualmente traballan 94 psicólogas e psicólogos clínicos no Sergas, o que ten como consecuencia, entre outras, que existen dispositivos sen psicólogas e psicólogos clínicos.

Así mesmo, reiterouse a importancia de reforzar a autonomía profesional, por unha banda, coa creación de servizos propios de psicoloxía clínica, así como coa retirada a limitación de acceso ao/a especialista en psicoloxía clínica desde atención primaria, como está a pasar en Ourense e na Coruña, o que dificulta o acceso ao tratamento psicoterapéutico, recollido na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde e demandado pola cidadanía.

Actualmente, o Colexio está a participar na elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, a través de representantes en seis grupos de traballo: loita contra o estigma, dereitos humanos, dignidade e participación; detección e atención integral na poboación infantoxuvenil; detección, atención integral do trastorno mental grave; continuidade de coidados: modelos comunitarios e de recuperación; atención e coordinación na abordaxe dos TUS; e formación, investigación e innovación en saúde mental. A redacción do Plan é un momento oportuno para trasladar as reivindicacións da profesión na rede pública e desde o COPG traballaremos para que se recollan adecuadamente.

O Colexio de Psicoloxía expón á Deputación da Coruña a ausencia de psicólogos e psicólogas nos concellos



Persoas asistentes á reunión

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reuniuse con Ánxela Franco, deputada e responsable da área de Igualdade, Educación e Servizos Sociais da Deputación da Coruña e Manuel Pérez, técnico do plan de acción «Rede de Concellos para o Benestar» da Deputación, para trasladarlles a escasa presenza de psicólogos e psicólogas nos servizos sociais comunitarios. A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, e os membros da Xunta de Goberno José Manuel Oreiro e Alejandra Fernández, adiantáronlle na xuntanza do 5 de abril os resultados dunha enquisa que vén de realizar o Colexio e que ofrece un panorama de precariedade na asistencia psicolóxica no eido dos servizos sociais comunitarios.

O COPG realizou un cuestionario entre os seus colexiados e colexiadas en marzo deste ano co fin de coñecer cal é a situación da psicoloxía nos concellos galegos. Moitos servizos sociais derivaron nun carácter asistencialista, o que se cría xa superado por un enfoque biopsicosocial. Hoxe en día a vertente psicolóxica é a máis precaria de todas elas e en moitos concellos inexistente, cando non pode ser atendida por ningún outro perfil profesional que o do psicólogo ou psicóloga.

Máis dun terzo dos psicólogos e psicólogas que exercen no eido local fano en programas nos que obrigatoriamente teñen que integralos por decreto, como nos Centros de Información á Muller (CIM) e que van dirixidos a un público moi concreto. Isto implica que a presenza de psicólogos e psicólogas nos concellos integrando os equipos multidisciplinares de servizos sociais é practicamente anecdótica e irrelevante.

Máis do 40% dos psicólogos e psicólogas que actúan na provincia da Coruña a nivel municipal ten un contrato temporal e, ademais, un de cada cinco traballa menos de 20 horas semanais. Isto ofrécenos un contexto de precariedade, ao que se une o feito de que o 18% non están contratados como psicólogos

ou psicólogas, xunto coa falta de recoñecemento profesional que experimentan dous de cada cinco colexiados e colexiadas. Tamén se detectou a través da enquisa que unha parte importante desta precariedade provén do sistema de programas que provocan que con eles desaparezan os e as profesionais, non existe continuidade nos equipos de traballo nos concellos.

A atención psicolóxica é moi escasa nos concellos urbanos e practicamente inexistente nos rurais; é preciso que se incorpore nos equipos multidisciplinares dos municipios, e naqueles máis pequenos, mancomunar o servizo. Toda a cidadanía, independentemente do municipio no que viva, ten dereito a poder recibir unha atención psicolóxica cualitativa ás súas dimensións emocionais, afectivas, relacionais e condutuais. A experiencia revélanos que, se funciona ben este servizo, poden previrse moitas problemáticas e facer que as persoas e as comunidades se desenvolvan de xeito máis saudable.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pensamos que a importancia que nos concellos se lle dea aos servizos sociais é un factor indicativo á hora de medir a calidade da atención e o progreso dunha comunidade. Para contribuír a esa calidade parécenos imprescindible abordar cada circunstancia social desde unha perspectiva que contemple o benestar psicolóxico.

Campaña de visibilización en apoio ás persoas con TEA/Síndrome do Espectro Autista

O pasado 2 de abril celebrouse o Día Internacional de Concienciación sobre o Autismo, e desde a Federación Autismo Galicia durante todo o mes levaron a cabo a campaña «Rompamos xuntas barreiras polo autismo. Fagamos unha sociedade accesible». Colaboramos novamente facendo un pequeno xesto, axudándolles a visibilizar ao colectivo das persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA), e por unha sociedade máis xusta coas diferenzas e diversidades.



O COPG no Día Internacional de Concienciación sobre o Autismo

En marcha a trixésimo sexta edición de FOCAD (Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología) con varios bloques de materias para descargar e imprimir ata o 1 de xullo.

Iníciase unha liña de formación específica para membros das Divisións Profesionais do Consejo General de la Psicología dispoñible ata o 31 de decembro.

Máis información en <https://copgalicia.gal/actividades/formacion/focad#>

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

 **Facebook:** <https://www.facebook.com/copgalicia>

 **Twitter:** [www.twitter.com/copgalicia](https://twitter.com/copgalicia) / @copgalicia

 **Linkedin:** <https://www.linkedin.com/company/copgalicia/>



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

Os vindeiros días 11 e 12 de maio terá lugar no salón de actos do COPG o curso «Introdución á Terapia de Aceptación e Compromiso», impartido pola psicóloga Thaïs Tiana Sastre, membro do Programa de Prevención de Suicidio do Hospital de Sant Pau (Barcelona) e do Programa de Atención ao Supervivente. Coordina Alba Fernández Revaldería.

Máis información do curso no enlace: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/curso-introduccion-terapia-de-aceptacion-e-compromiso-act>

Así mesmo, os días 1 e 2 de xuño será quenda do curso «Tratamento dos trastornos da conduta alimentaria cronificados», no salón de actos do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña). Esta formación será impartida pola psicóloga clínica Rosa Calvo Sargadoy, doutora en Psicoloxía e responsable da Unidade de TCA en adolescentes e pacientes de longa duración do Hospital Universitario de La Paz (Madrid). O curso está coordinado por María Blanco Suárez e Mercedes Fernández Cabana. O último día de inscrición será o 23 de maio de 2018.

Máis información do programa: <https://copgalicia.gal/pdf/triptico-curso-tratamiento-dos-trastornos-da-conduta-alimentaria-cornificados>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Formación

O día 7 de abril celebrouse a segunda edición da xornada «Alta capacidade cognitiva», impartida por Luis Rodríguez Cao, catedrático de Educación Secundaria e psicólogo responsable da área de Superdotación Intelectual da Coruña desde a súa posta



Xornada Alta capacidade cognitiva

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

en funcionamento en 1998 ata 2017. Esta área ocúpase do diagnóstico e orientación educativa do alumnado con alta capacidade intelectual dos centros de educación non universitaria; sendo ademais autor de diversas publicacións científicas sobre o tema.

Os obxectivos do curso centráronse en comprender e coñecer o alumnado de altas capacidades; as súas características e necesidades para dar unha resposta educativa axeitada, xa que malia ser recoñecidos como alumnado de necesidades específicas de apoio educativo, non están a recibir

a atención que precisan, a súa problemática é pouco coñecida e o contrario dos mitos que existen sobre eles, necesitan apoio tanto no plano intelectual coma emocional.

A xornada, de 6 horas de duración, celebrouse no Salón de actos do COPG e foi coordinada pola tesoureira da sección M^a Begoña Castro Iglesias.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS



Sesión Interactiva PTO na USC

Sesión Interactiva na USC:

A psicoloxía do traballo como profesión

Conxuntamente coa Facultade de Psicoloxía da USC, a sección organizou un ano máis unha sesión interactiva co estudantado co obxectivo de expoñer e debater experiencias profesionais dos diferentes ámbitos de actuación. A xornada celebrouse o 10 de abril no salón de actos da Facultade baixo o título de «A Psicoloxía do Traballo como profesión. O mundo de a empresa visto desde dentro e desde fóra» e foi coordinada por Carlos Montes Piñeiro (COPG) e Dámaso Rodríguez

Fernández (USC). Participaron como relatores Antonio Fuertes Saavedra, vogal da Sección, que describiu os obxectivos, actividades e liñas de funcionamento da sección na estrutura do COPG; José Ortuño Vilurbina, xerente de Relevo Xeracional de Repsol, que abordou a visión interna dun departamento de RRHH na organización; e Carmen Blanco Teijero, socia directora de Equaltecnia, que disertou sobre o ámbito da consultoría externa. As competencias profesionais máis demandadas no mercado de traballo e o valor diferencial que aporta a psicoloxía ás organizacións actuais, centraron o debate posterior.

Acreditación PTO EuroPsy e o proceso de supervisión de competencias

Con motivo da celebración do Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e RRHH, celebrado o pasado mes de marzo en Valencia, que propiciou o Encontro Anual Interterritorial das distintas seccións PTO dos colexios profesionais, tivo lugar o día 3 de marzo o Seminario «*A supervisión de competencias profesionais no marco do Certificado Europeo de Psicoloxía (EuroPsy)*». Coordinaron e impartiron o seminario José María Peiró e José Ramos de IDOCAL da Universidad de Valencia e participaron representantes de 26 colexios que a o longo da xornada acometeron o labor de analizar o modelo de competencias de psicoloxía Europsy e sinalar os aspectos operativos do proceso de supervisión necesarios na obtención da certificación PTO. As actividades dos grupos de traballo establecidos centráronse na definición das competencias e dos indicadores de desempeño que permitan avaliar ás e aos profesionais para a obtención da certificación de especialista. O COPG estivo representado neste foro de traballo polo vogal da sección PTO, Antonio Fuertes Saavedra.

Este seminario foi propiciado pola División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH) do



Consejo General de la Psicología, que o pasado ano tiña iniciado unha programación de actividades sobre o tema, para tratar as funcións principais da práctica supervisada e o modelo de competencias profesionais EuroPsy. Comunicáranse oportunamente outros eventos desta natureza que teñen, entre outros obxectivos, promover a solicitude desta certificación de especialista.

Sesión de Traballo sobre Saúde Laboral

O 21 de abril a Sección celebrou no salón de actos do COPG unha sesión de traballo para debater o tema «A seguridade e saúde laboral desde a psicoloxía do traballo». Esta sesión foi coordinada por José Luis Domínguez Rey e Carlos Montes Piñeiro e tivo como obxectivo desenvolver propostas para fortalecer as competencias profesionais dos psicólogos e psicólogas do traballo que desexen exercer a súa actividade neste espazo profesional.

Iniiciou a sesión coa presentación dun percorrido de actividades realizadas desde a creación da Sección e unha revisión actual da profesión en Galicia. Carlos Montes Piñeiro, coordinador do grupo de traballo en Saúde e Benestar Ocupacional, dinamizou o foro co tema das «Competencias para a intervención psicolóxica na SSL» e as persoas asistentes, a través de dinámicas grupais, identificaron e valoraron os escenarios claves de intervención, as oportunidades de traballo e as competencias específicas requiridas. Posteriormente, debatéronse temas relacionados con normativas, coñecementos técnicos e colaboracións con outros

ámbitos profesionais. Todo iso permitiu establecer unha axenda de traballo para responder á crecente demanda de profesionais con cualificación no ámbito da saúde no contexto laboral e formar un corpo de profesionais cualificados.

Posteriormente tivo lugar a asemblea de asociados e asociadas, na que se abordou a futura estrutura da Sección, a programación da formación e a posta en marcha de proxectos nos seus grupos de traballo interno.



Sesión de traballo sobre saúde laboral

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓN

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Formación interna

Perante os días 25 e 26 de maio, terá lugar na Facultade de Psicoloxía da USC, o curso «Intervención en Trauma I». Esta formación –que terá continuidade no mes de outubro– ten recoñecida pola Consellería de Sanidade a acreditación de formación continuada para as profesións sanitarias e será impartida por Dolores Mosquera Barral, psicóloga e psicoterapeuta especializada en trastornos da personalidade, trauma e disociación. Trátase dunha actividade do plan de formación permanente do Grupo, e vai dirixida a todos os membros do GIPCE-COPG, co obxectivo de ampliar as súas competencias profesionais.

Formación externa

A coordinadora do Grupo, Ana Isabel Martínez Arranz, participou no mes de marzo en dúas xornadas sobre emerxencias. O día 16 en Donostia, na que falou da traxectoria do GIPCE en todos estes anos. o día 23 en Las Palmas na que participou por partida dobre con dúas conferencias; unha foi sobre a xestión e intervención nunha situación con múltiples vítimas e outra sobre a intervención con vítimas e persoas afectadas.

Desenvolveuse os días 19 e 20 de abril na Academia Galega de Seguridade Pública unha nova edición do curso «Apoio psicolóxico básico en manexo de estrés con intervenientes en situacións de emerxencias ou catástrofes», destinado a membros de protección civil. Foi impartido por Fernando González Iglesias, membro do GIPCE.

Continuando coa colaboración destes últimos anos co Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria da USC, as compañeiras M^a Carmen González Hermo e Ana I. Martínez Arranz, participaron os días 10 e 17 de abril con sendas conferencias sobre «Emerxencias cotiás e funcionamento do GIPCE» e sobre «Grandes emerxencias. Accidente do Alvia».

Informacións

O 14 de abril celebrouse en Ourense un encontro da Comisión Coordinadora cos compañeiros e compañeiras residentes nas provincias de Lugo e Ourense. O obxectivo fundamental é o de poder relacionarnos nun ambiente distendido nun grupo reduci-



do, favorecendo así o coñecemento dos novos membros e afianzando as relacións entre os máis antigos. Nos meses vindeiros iranse facendo outras xuntanzas nas demais provincias.

O pasado día 18 de abril desenvolveuse un simulacro no aeroporto de Lavacolla sobre un accidente aeronáutico, no que un pequeno avión saíu fóra da pista durante a aterraxe producíndose un incendio como consecuencia de derrame de combustible.

No simulacro participou un grupo de catro membros do GIPCE, coordinado por Aurora Rozadilla Arias, xunto con representantes de AENA, da Dirección Xeral de Emerxencias, do O61 e da Cruz Vermella.



Participantes no simulacro

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a



Nome Apellido Apellido

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Programa Xornadas de Concienciación

Desde o Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vimos organizando Xornadas de Concienciación, dirixidas ás persoas penadas por delitos contra a seguridade viaria e que conmutan as súas penas por traballos en beneficio á comunidade.

O sábado día 10 de marzo comezou a desenvolverse outro programa en Ferrol con 16 asistentes. É o primeiro dos tres que se desenvolverán este ano, dous en Ferrol e un en Santiago de Compostela.

Emisión do programa «A Revista» da CRTVG

O día 13 de marzo emitíuse unha intervención sobre os programas con reincidentes viarios a raíz da nota de prensa que se emitíu desde o COPG en relación ás declaracións do direc-

tor xeral de Tráfico relacionadas con este tipo de reincidentes sobre os que parece que a DGT tan só pretende envialos ao sistema sanitario.

Propoñemos a defensa dun segundo nivel de intervención despois do PXP desde a DGT, para intervir nos casos nos que o sistema de PXP non abonda; estaríamos falando do 50% das persoas que perden todos os puntos e reinciden de novo, outro 30% non precisarían máis actuacións e quedaría o restante 20% que si se trataría de casos de dependencia.

Tendo en conta estas porcentaxes trataríase do 50% dos reincidentes que quedan sen atender, de aquí a importancia da nosa proposta.



Xornadas de concienciación de Ferrol

Sesión formativa e reunión Grupo de Tráfico e da Seguridade

O próximo día 9 de xuño celebrarase unha nova sesión formativa dirixida a profesionais da Psicoloxía que queiran afondar na avaliación das condicións psicofísicas para a tenencia de cans perigosos. O que se pretende é achegarnos ao modelo actual da Psicoloxía da Seguridade, neste caso afondando no coñecemento do ámbito dos cans perigosos de cara ao desenvolvemento dun protocolo de actuación máis preciso. Será no salón de actos do COPG en horario de 9h. a 13h.


Despois da sesión formativa realizarase unha reunión do Grupo de Tráfico e da Seguridade na que se informará dos novos requirimentos logo da aprobación do Regulamento Interno do Grupo na Xunta de Goberno do COPG do 30 de xaneiro de 2018. Lémbrese que para seguir sendo membro do Grupo cómpre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno, aos que se pode acceder a través do seguinte enlace
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_rexime_interno_do_grupo_de_trafico_e_da_seguridade.pdf



Información da creación da División do Tráfico e da Seguridade

O día 3 de marzo celebrouse reunión da Coordinadora da Área de Tráfico e da Seguridade en Madrid para, entre outros temas, abordar o calendario das eleccións á División que como xa se informou foi aprobada na reunión do Consejo General de la Psicología do 16 de decembro de 2017.

A Comisión Xestora, formada por Fernando García Sanz, do COP de Andalucía Occidental; Jesús Cabezos Fernández, do COP da Comunitat Valenciana; Lorenzo Gil Hernández do COP Tenerife e Eva Muíño Gómez do COPG, reuniuse o pasado 2 de marzo para



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Utiliza instrumentos e métodos validados cientificamente.
- Mantén unha formación continuada, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico. Garantirás deste xeito a túa competencia profesional.

estudiar o regulamento e proceso de eleccións á directiva da División así como facer propostas para a reunión da Coordinadora. Finalmente puxéronse en marcha todas as accións precisas para solicitar convocatoria de eleccións na Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología que terá lugar o próximo mes de xuño deste ano e convocar eleccións á Xunta Directiva da División á volta do verán.

Convidamos a participar nos futuros proxectos da División e que co impulso das colexiadas e colexiados se vaia consolidando para o interese do colectivo. O procedemento e os requisitos para inscribirse na mesma atópanse neste enlace coa páxina web do Consejo General de la Psicología <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

COMISIÓN DE CULTURA

XI Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»

A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca a súa undécima edición do Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas».

O prazo de admisión de orixinais remata o vindeiro 17 de maio. Máis información en: <https://copgalicia.gal/novas/comision-de-cultura/xi-concurso-literario-do-colexio-oficial-de-psicologia-de-galicia-rosa-de>.



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

«SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS»

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicoloxía.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesio- nais da psicoloxía colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de: TusCasasRurais.com, Hotelius Club e Oca Hoteles.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as




Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 -Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos